

EXPOSICIÓN

**Inauguración o venres 8 de outubro de 2010, ás 20.30 h,
na Aula de Natureza “Juan Lembeye”
do Xardín Botánico Ría do Burgo (O Burgo –Culleredo).**

Interveñen:

**Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.
Carlos Pereira Martínez, historiador.
Nuria Mosqueira, pintora.
Beatriz Rico, pintora.**

Do 8 ao 30 de outubro de 2010.

Horario:

**Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h.
Sábados: de 11.00 a 13.30 e de 16.00 a 20.00 h.**



***NURIA MOSQUEIRA
BEATRIZ RICO***

Presentación

A Aula de Natureza “Juan Lembeye” do Xardín Botánico “Ría do Burgo” acolle a primeira exposición de pintura “case individual” de dúas mozas artistas, dúas estudantes de Belas Artes: a nosa conveciña Nuria Mosqueira, e a veciña de Oleiros Beatriz Rico.

O pasado mes de agosto acollía a Sala dos Muíños de Acea de Ama a exposición *Feito en Culleredo, II*, que recollía obra de pintores, escultores, fotógrafos, ceramistas ou poetas residentes no municipio. E dicíamos na presentación desa exposición que sempre tivéramos unha especial preocupación por apoiar aos artistas vencellados co municipio.

Nada mellor que facelo, agora, con estas xoves pintoras que realmente inician, con esta exposición (dado que poden amosar, cada unha, un número importante de obras), a súa traxectoria individual.

¡Quen sabe os éxitos que lles deparará o futuro!

É unha excelente ocasión para que nos acompañedes na inauguración da exposición.

Agardámosvos.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Datos biográficos

Nuria Mosqueira Varela naceu en 1989. Reside en Culleredo. Logo de cursar o Bacharelato de Artes no IES Adormideras da Coruña, na actualidade estuda Belas Artes na Universidade de Salamanca.

Obtivo un accésit no XII Certame “Salamanca monumental” 2010.

Obtivo o 1º premio no Certame de Pintura ao aire libre *Postales coruñesas* (2007).

Participou nas exposicións colectivas *XII Certame Salamanca Monumental* (2010) e en *Feito en Culleredo, II* (na Sala dos Muíños de Acea de Ama do Concello de Culleredo).

Beatriz Rico Albadalejo naceu en Coruña en 1989 e reside no concello de Oleiros. Cursou tamén o Bacharelato artístico no IES Adormideras da Coruña, e na actualidade estuda a licenciatura de Belas Artes na Universidade de Barcelona, así como Historia da Arte na UNED.

Ten obtido varios premios de debuxo en concursos convocados pola Xunta de Galicia, e participado na exposición colectiva da II edición do concurso de pintura rápida de Ribadavia e no concurso de pintura rápida en Molins de Rei (Barcelona).

